

BASES MONOGRÁFICOS RAZA CAN DE PALLEIRO

ARTIGO 1º. Definición.

O Club de Raza Can de Palleiro (CRCdP) organiza esta actividade coa colaboración dos propietarios. Ten como fin o coñecemento e a difusión da raza Can de Palleiro.

ARTIGO 2º. Requisitos para a participación.

Realízanse un mínimo de 4 monográficos ó ano, sendo preciso participar a lo menos en 3, para poder optar ós premios de finais.

Poden participar todos os exemplares inscritos no Libro Xenealóxico da Raza Can de Palleiro maiores de 3 meses. Para participar cos exemplares maiores de 18 meses, é preciso ter o “Apto para reprodución”.

A nivel sanitario deberán ter a vacina da rabia e a vacina anual polivalente (virus do moquillo canino, parvovirus canino, adenovirus, parainfluenza canina, leptospira). Recoméndase administrar a da “tos de las perreras” (traqueobronquitis infecciosa canina).

ARTIGO 3º. Normas de presentación.

O can deberá estar debidamente aseado e deixarse examinar.

Requírese que o can sexa conducido na pista mediante o uso dun colar sinxelo e unha correa que teña unha lonxitude que oscile entre 1,2 e 1,8 metros. É importante que o can sexa guiado polo lado esquerdo do manexador durante toda a proba. Prohíbese o acceso á pista con arneses, colares deslizantes ou antiparasitarios, panos ou accesorios similares.

ARTIGO 4º. Premios.

O monográfico está organizado do seguinte xeito:

Participantes			Clasificacións		
			En cada monográfico		Final de tempada
			Grupo	Clase	
Moi cachorros macho	MCM	3 a 6 meses	Mellor MCM	MELLOR	PROMESA DO ANO
Moi cachorros femia	MCF		Mellor MCF	MOI CACHORRO	
Cachorros macho	CM	6 a 9 meses	Mellor CM	MELLOR	
Cachorros femia	CF		Mellor CF	CACHORRO	
Xóvenes macho	XM	9 a 18 meses	Mellor XM	MELLOR XÓVENES	
Xóvenes femia	XF		Mellor XF		
Aberta machos	AM	>18 meses + Apto reprodución	MELLOR AM		EXEMPLAR DO ANO MACHO E FEMIA
Aberta femias	AF		MELLOR AF		

Todos os inscritos que asistan levarán o seu diploma e un agasallo de participación por parte do club e dos patrocinadores do evento.

Nos grupos MC, C e X, entregárase unha medalla a cada macho e femia gañadores. En cada clase otorgárase un trofeo.

Nas clases abertas levarán medalla e trofeo o macho e a femia gañadores.

Ó final de cada temporada, quedarán coma gañadores un “Promesa do ano” e un “Exemplar do ano macho” e “Exemplar do ano femia”. En caso de empate, o xuíz valorará ambos exemplares e decidirá o gañador.

ARTIGO 5º. Compromisos.

Todos os participantes dos Monográficos Raza Can de Palleiro se aterán ás resolucións que adopte o CRCdP.

Durante a actividade, os manexadores, só atenderán ás indicacións dos comisarios do monográfico ou do xuíz.

As decisións dos xuíces son inapelables.

Non se permiten as interferencias, sobre os manexadores ou exemplares, de persoas de fóra da pista.